

Vicente Parapar encabeza a candidatura coa que o PSOE de O Vicedo concorrirá ás eleccións de maio

Afirma que se presenta porque, primeiro, “o meu pobo está nestes momentos na na peor situación dos últimos anos en todos os aspectos e, segundo, porque teño un compromiso adquirido neste mandato con todos os veciños que presentaron alegacións ao PXOM de defendelos e de tratar que se aproben todas aquelas que teñan cabida legal”

Anuncia un programa no que primarán os servizos sociais, un plan propio de emprego e un fondo municipal para axudar os estudantes do concello

Para cumprir estes compromisos configurou unha lista formada por 10 persoas “traballadoras, honestas e que coñecen á perfección as necesidades do municipio”. Vicente Parapar é unha persoa moi vinculada socialmente co municipio e cunha dilatada experiencia na política local

O VICEDO, 17 DE ABRIL DE 2015.-Vicente Parapar encabeza a candidatura coa que o Partido Socialista de O Vicedo concorrirá ás vindeiras eleccións de maio. Deste xeito, o candidato manifesta que se presenta como cabeza de lista porque, primeiro, “o meu pobo está nestes momentos na na peor situación dos últimos anos en todos os aspectos e, segundo, porque teño un compromiso adquirido neste mandato con todos os veciños que presentaron alegacións ao PXOM de defendelos e de tratar que se aproben todas aquelas que teñan cabida legal”.

Trátase dunha persoa fortemente vinculada co municipio e cunha dilatada experiencia no Partido, xa que é o actual voceiro do grupo municipal, ademais de presidente da asociación recreativa-cultural “OS DO 21”.

Propostas do programa

Ademais de asumir o compromiso de “traballar por e para O Vicedo”, presenta un programa cuxas propostas están dirixidas, precisamente, a dotar aos cidadáns de servizos públicos que contribúan a mellorar a súa calidade de vida. Por iso, considera que é preciso potenciar os servizos sociais con especial atención ás familias con menos recursos, así como crear un programa de municipal de emprego, a través dun rexistro municipal de demandantes no que todos teñan as mesmas oportunidades é as probas sexan iguais para todos.

Neste senso, anuncia que, se goberna, tamén creará un fondo municipal para axudar a todos os estudantes do concello, dotado de axudas para libros, matrículas, material escolar, transporte, etc.

Candidatura

Para cumprir estes compromisos presenta unha candidatura, formada por 10 persoas “traballadoras, honestas e que coñecen á perfección as necesidades do municipio”. É a seguinte:

Titulares:

- 1.- Vicente César Parapar Carreja (O Vicedo). Ex funcionario da Xunta de Galicia.
- 2.- Verónica Canoura Paz (Negradas). Administrativa e presidenta da asociación de veciños de San Miguel de Negradas.
- 3.- Silvia Pigueiras Blanco (San Román). Administrativa, comercial e camareira.
- 4.- José Ramón García Varela (Folgueiro). Autónomo do sector da carpinteiría.
- 5.- Olga Fraga Grandío (Cabanas). Empregada.
- 6.- Juan Carlos González Trasancos (Negradas). Electromecánico.



NOTA DE PRENSA

- 7.- María Roberta Serantes Debén (O Vicedo). Ama de casa.
- 8.- María Luisa Oca Timiraos (O Vicedo). Ama de casa.
- 9.- Luis Lozano Pedreira (O Vicedo). Mestre xubilado.

Suplente:

Francisco José Iglesias Franco (O Vicedo). Xubilado da banca.